



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE BERGONDO PARA O ANO 2019

LEXISLACIÓN APLICABLE

A aprobación, xestión e liquidación do orzamento, haberá de rexerse por:

a) En primeiro termo, pola lexislación do réxime local:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as súas modificacións.*
- *Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario.*
- *Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.*
- *Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.*

b) Complementariamente, polo previsto nestas Bases de Execución.

c) Lexislación autonómica:

- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificada pola Lei 9/2016, de 8 de xullo.*
- *Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia*
- *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.*

d) Lexislación do Estado:

- *Lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei xeral presupostaria.*
- *Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria..*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei xeral de subvencións.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)*
- *Real Decreto. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.*
- *Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- *Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación nas Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.*
- *Real Decreto 861/86, do 25 de abril, de réxime de retribución dos funcionarios.*
- *Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.*
- *Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.*
- *Real decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.*
- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público.*
- *Real Decreto 1282018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*
- *Demáis lexislación estatal na materia.*

De conformidade co disposto no artigo 165.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 9 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, redáctanse as presentes Bases de Execución do orzamento xeral do Concello de Bergondo para o ano 2019, que teñen como obxecto a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e características deste concello.

TITULO I: PRINCIPIOS RECTORES

Base 1ª: Orzamento Xeral. Ámbito e vixencia

1.- O Orzamento Xeral do Concello de Bergondo para o ano 2019 comprende un único orzamento, co seguinte desglose:

ESTADO DE INGRESOS	ESTADO DE GASTOS
7.174.436,38 euros	7.174.436,38 euros

2.- A aprobación, execución e liquidación do orzamento xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das Corporacións Locais, e polas presentes BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO que terán carácter subsidiario das disposicións ditadas ou que se diten con carácter xeral destinadas á regulación do réxime local, sendo de obrigada observancia e cumprimento polo Concello.

3.- Facúltase á Alcaldía-Presidencia desta Corporación para emitir Circulares e, á Intervención a dar as Instrucións que sexan precisas, todas elas dirixidas a complementar, interpretar, aclarar e coordinar toda actuación relativa á xestión orzamentaria, tanto na súa vertente de ingresos como de gastos.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

4.- De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, estas Bases soamente rexerán durante o exercicio 2019 e, no seu caso, no período de prórroga legal do orzamento de dito ano durante o exercicio seguinte.

Base 2ª: Principios xerais

1. Principio de estabilidade orzamentaria. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos, realizaráse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Principio de sustentabilidade financeira. As actuacións desta Entidade estarán suxeitas ó principio de sustentabilidade financeira definido no artigo 4 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
3. Principio de plurianualidade. A elaboración dos Orzamentos desta Entidade, encadrarase nun marco orzamentario a medio prazo, compatible co principio de anualidade polo que se rexen a aprobación e execución dos Orzamentos, de conformidade coa normativa europea.
4. Principio de transparencia. A contabilidade desta Entidade, así como os seus Orzamentos e liquidacións, deberán conter información suficiente e adecuada que permita verificar a súa situación financeira, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira e a observancia dos requirimentos acordados na normativa europea nesta materia.
5. Principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. As políticas de gasto público deste Concello deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin serán aplicadas políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación deste Concello que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Base 3ª: Interpretación

As dúbidas que xurdan pola aplicación destas bases resolveranse pola Alcaldía, previo informe da Secretaría ou Intervención, segundo proceda.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Base 4ª: Contía, contido e estrutura do Orzamento Xeral

1.- O orzamento xeral está integrado polo da propia corporación, co seguinte detalle:

- Orzamento de gastos
- Orzamento de Ingresos

2.- Para a confección do orzamento aplicáronse as clasificacións por programas e económica aprobadas pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais. Os créditos incluídos no estado de gastos do orzamento preséntanse co seguinte desglose:

- Clasificación por programas, con tres niveis de desagregación: area de gasto, políticas de gasto e grupos de programas, algunhas aplicacións orzamentarias desglósanse a nivel de programa.
- Clasificación económica, con catro niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

3.- A aplicación orzamentaria, na que a expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, defínese pola conxunción das dúas clasificacións citadas; e o rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase como mínimo sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

4.- No estado de ingresos do orzamento as previsións incluídas cualifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, segundo se detalla na clasificación económica de ingresos da Orde antes citada.

Base 5ª: Prórroga do Orzamento

Se ó iniciarse o exercicio económico do 2020 non tivera entrado en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do 2019 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse en dito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións do orzamento do 2019, que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante Resolución motivada da Presidencia e tralo informe previo da Intervención. Igualmente, poderánse acumular na correspondente Resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axusta-los créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de orzamento pendente de aprobación.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei. Aprobado o orzamento deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Base 6ª: Réxime xeral dos créditos e as súas modificacións

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal teñan sido autorizados no orzamento xeral do Concello ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe dos mesmos, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.4 do TRLRFL e 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ó "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na seguinte Base.

Con cargo ós créditos do Estado de Gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó orzamento xeral do Concello.
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990, requiriranse a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 relativos a recoñecemento extraxudicial de créditos.

Base 7ª: Vinculación xurídica dos créditos

1.- Para unha mellor xestión do Orzamento de Gastos, considerase necesario establecer a seguinte vinculación dos créditos orzamentarios:

- a) Regra xeral:
 - Para a clasificación por programas: a área de gasto
 - Para a clasificación económica: o capítulo



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

b) Excepcións á regra xeral:

- Capítulo VI.- Inversións: Exceptúanse da regra xeral as inversións con financiación afectada ou finalista, cuxos créditos vincularanse sobre si mesmos.
- Así mesmo se exceptúan do criterio xeral e vincularán sobre si mesmos, se os houberse, os créditos destinados no orzamento inicial de gastos a recoñecemento extraxudicial de créditos.
- Así como todos aqueles procedentes de incorporación de remanentes do exercicio anterior.

2.- Conforme o establecido na regra 3ª da Circular da Intervención Xeral da Administración do Estado de 11/03/1985, poderanse realizar imputacións contables a concepto ou conceptos dun artigo aínda que non figuren abertos na contabilidade de gastos por non contar con dotación orzamentaria, en todo caso, no documento ó que se una o soporte documental do gasto efectuado, estenderase pola interventora unha dilixencia, que indicará: "Primeira operación imputada ó concepto, ó amparo do artigo 2º da lei 50/1984".

TITULO II: DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

CAPITULO I: NORMAS XERAIS

Base 8ª: Actuacións previas

Antes de proceder a incoar expediente de calquera modalidade de modificación, verificarase pola Intervención, que están esgotadas as posibilidades de xestión que permite a vinculación xurídica establecida na base 7ª. Para os efectos de determinar a suficiencia de crédito na bolsa de vinculación xurídica entenderase que tódalas aplicacións orzamentarias están abertas aínda que o importe do crédito sexa de 0,00 euros.

Calquera modificación Orzamentaria, salvo as xeracións e ampliacións de crédito motivadas por subvencións, nas que poderá obviarse este trámite, esixirán proposta razoada, que poderá partir da Alcaldía, os concelleiros ou a Intervención de Fondos.

Todo expediente de modificación será informado antes da adopción da resolución que proceda, pola Intervención.

As modificacións orzamentarias someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Base 9ª: Modificacións orzamentarias: Modalidades

1.- O Concello de Bergondo poderá realizar as modificacións nos seus estados de gastos e ingresos que se detallan na presente base. En todo caso, deberá de respectarse o principio de equilibrio orzamentario.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2.-As modificacións orzamentarias serán de dous tipos:

a) Modificacións de tramitación ordinaria:

- Créditos extraordinarios
- Suplementos de crédito
- Transferencias de crédito, que afecten a partidas de distintos área de gasto; salvo que afecten a créditos de persoal
- Baixas de créditos por anulación

b) Modificacións de tramitación simplificada:

- Transferencias de crédito entre a mesma área de gasto, ou que afecten a gastos de persoal
- Xeracións de crédito
- Ampliacións de crédito
- Incorporación de remanentes de crédito

3.- A contabilidade das operacións de modificación de créditos realizaranse consonte o establecido na Instrución de Contabilidade para Entidades de máis de 5.000 habitantes. Se a operación se financiara con remanente líquido de tesourería, contabilizarase no concepto de ingresos 870, subconcepto que corresponda.

CAPITULO II: MODIFICACIÓNS DE PROCEDEMENTO ORDINARIO

Base 10ª: Procedemento ordinario

As modificacións obxecto de procedemento ordinario serán aprobadas inicial e definitivamente polo Pleno. O procedemento de tramitación e o réxime de exposición pública, - salvo o previsto nas presentes bases -, publicacións e recursos serán os establecidos para a tramitación do orzamento na Lei reguladora das facendas locais e no Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

Base 11ª: Créditos extraordinarios e suplementos de créditos

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do orzamento xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do TRLRFL, artigos 35 ó 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril e ás contempladas nesta base.

Cando deba realizarse algún gasto específico e determinado, que non poida demorarse ata o seguinte exercicio e non exista crédito ou sexa insuficiente, ou non ampliable ó consignado no orzamento da Corporación, ordenarase pola Alcaldía a tramitación dos seguintes expedientes:

- a) De concesión de crédito extraordinario
- b) De suplemento de crédito



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Estes expedientes poderán financiarse:

- Con cargo ó remanente líquido da Tesourería.
- Con novos ingresos non previstos.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de inversión.
- Mediante baixas dos créditos de partidas de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo.

Tramitación dos expedientes:

- Proposta de modificación na que se acredite a conveniencia e oportunidade de non demorar ata o exercicio seguinte a execución do gasto específico e determinado.
- O expediente deberá conter a proposta, a partida orzamentaria a habilitar ou suplementar, o importe, o recurso ou recursos que o financian e o documento ou documentos que xustifiquen a executividade dos recursos propostos.
- Informe preceptivo de Intervención.
- Ditame da Comisión correspondente.
- Aprobación inicial polo Pleno do Concello.
- Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- Publicación do expediente, resumido por capítulos, no *Boletín Oficial da Provincia*.
- Simultaneamente ó envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitírase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

Base 12ª: Transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto

1.-Transferencia de Crédito é aquela modificación do Orzamento de Gastos mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

2.- Tramitárase esta modificación por procedemento ordinario, cando razoablemente se prevea a realización dun gasto para o que non exista crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica e se trate de créditos que pertencen a distinta área de gasto. O expediente financiarase mediante traspaso do importe total ou parcial dos créditos dispoñibles nunha ou máis aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto.

3.-O expediente incoarase por providencia da Alcaldía e será elevado a Pleno para a súa aprobación. O expediente conterá como mínimo:

- Memoria xustificativa subscrita pola Alcaldía, que conterá como cando menos:
 1. Importe da modificación proposta
 2. Partidas orzamentarias ás que afecta
- Certificado de retención de crédito das aplicacións que o ceden



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Informe de Intervención, que como mínimo expresará o cumprimento do preceptuado no artigo 41.1 do Real Decreto 500/1990, salvo que se trate de programas de imprevistos e funcións non clasificadas, ou resulten de organizacións administrativas acordadas polo Pleno.
- Informe da Comisión Informativa correspondente
- Acordo inicial do Pleno
- Exposición pública
- Acordo definitivo, se procede
- Documentos contables
- Remisión de copias á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

Base 13ª: Baixas de créditos por anulación

1.- Sempre que os créditos das diferentes aplicacións orzamentarias poidan ser reducibles ou anulables sen perturbación do respectivo servizo ó que vaian destinados, poderán darse de baixa, coa observancia dos seguintes requisitos:

- Formación de expediente a iniciativa da Alcaldía.
- Informe de Intervención.
- Aprobación polo Pleno da entidade local.

2.- Tramitación:

- Cando as baixas de créditos se destinan a financiar suplementos ou créditos extraordinarios, formarán parte do expediente que se tramite para a aprobación daqueles, sendo a súa tramitación a establecida para créditos extraordinarios e suplementos de créditos.
- No suposto de que as baixas se destinen á finalidade que se fixe por acordo do Pleno da Entidade Local, serán inmediatamente executivas sen necesidade de efectuar ningún novo trámite.

CAPITULO III: MODIFICACIÓNS DE PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO

Base 14ª: Procedemento simplificado

Todas as modificacións orzamentarias que se tramiten por este procedemento serán aprobadas pola Alcaldía ou pola Xunta de Goberno Local segundo se estableza nas presentes Bases.

As resolucións adoptadas serán inmediatamente executivas, sen necesidade de publicidade ningunha.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Base 15ª: Transferencias de crédito dentro da mesma área de gasto ou que afectan a créditos de persoal

A transferencia de crédito entre conceptos orzamentarios que se encontren dentro da mesma área de gasto e pertencen a distintos niveis de vinculación xurídica será proposta polo órgano xestor dos créditos orzamentarios e, no seu caso, pola Intervención e aprobada por Resolución de Alcaldía.

Se a transferencia de crédito que se propón afecta só a créditos de persoal, aínda no caso que pertencen a distinta área de gasto, será aprobada pola Alcaldía, dando conta ó Concello en Pleno na primeira sesión que celebre. Entenderase dada conta polo mero feito de incluír o decreto de aprobación do expediente na relación de resolucións da Alcaldía que esta someta a coñecemento do Pleno.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes ó mesmo nivel de vinculación xurídica, segundo o previsto na Base 7ª.

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- a) Non afectarán ós créditos ampliáveis nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorarse os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias, excepto cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos Pechados.
- c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, foran obxecto de minoración, excepto cando afecten a créditos de persoal.

A tramitación do expediente axustarase ó seguinte procedemento:

- Proposta de Alcaldía.
- O expediente deberá conter a proposta, a aplicación ou aplicacións orzamentarias obxecto de incremento ou minoración, importe e o documento contable de retención de crédito sobre das aplicación orzamentarias que se propoñen minorar.
- Informe de Intervención preceptivo
- Acordo do órgano competente
- Na tramitación dos expedientes de transferencias de crédito autorizados polo Pleno da Corporación, serán de aplicación as mesmas normas de información, reclamacións e publicidade do Orzamento Xeral.

Base 16ª: Xeración de créditos

1.- Para proceder á xeración de créditos conforme se establece nos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, incoarase o correspondente expediente, que deberá conter:

- Certificación da Intervención de terse ingresado, recoñecido o dereito ou a existencia do compromiso de ingresa-lo recurso en concreto: aportación, subvención, alleamento de bens, ingresos por prestación de servizos ou reembolso de préstamos. A certificación



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

deberá efectuarse tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme de ingreso pola persoa física ou xurídica en particular.

- Determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos onde se teña producido un ingreso ou compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a contía do ingreso ou compromiso.
- A fixación das aplicacións orzamentarias de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.
- O cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 44 do Real Decreto 500/1990 , do 20 de abril.

2.- Aprobación da modificación

Corresponde a aprobación do expediente ó Presidente da Entidade, tralo informe previo de Intervención.

3.- Xeración de créditos por reintegro de pagamentos

Neste suposto, o reintegro de pagamento debe corresponderse con aqueles en que o recoñecemento da obriga e a orde de pagamento se efectúen no mesmo exercicio en que se produza o reintegro, non esixíndose outro requisito para xerar crédito na partida de gastos onde se produciu o pagamento indebido que o ingreso efectivo do reintegro.

Base 17ª: Ampliacións de crédito

Consideraranse aplicacións orzamentarias ampliables as que se detallan a continuación e estarán vinculadas á efectividade dos recursos a elas afectados, segundo o que prevé o artigo 178 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais:

Aplicacións orzamentarias ampliables		
Aplicación orzamentaria	Descrición	Recursos afectados
160/227.99	Saneamento auga	301.00
161/227.99	Abastecemento auga	300.00
323/227.99	Concesión escola infantil	312.00

O expediente que regula a ampliación de créditos deberá especifica-lo recurso que financiará o maior gasto e a efectividade do mesmo. Dito recurso deberá estar afectado ó gasto ou crédito do cal se pretenda ampliar e non procederá de operacións de crédito, bastará para proceder á ampliación do crédito co efectivo recoñecemento do dereito, aínda que non se teña producido o ingreso do mesmo, e ampliarase na contía deste.

A Intervención informará sobre os aspectos que se establecen no parágrafo precedente e, unha vez cumpridas as formalidades que anteceden e aprobado o expediente polo Presidente, será executivo sen máis, procedéndose a efectua-las modificacións previstas.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Base 18ª: Incorporación de remanentes de crédito

Teñen a consideración de remanentes de crédito os saldos dos créditos definitivos non afectados ó cumprimento das obrigas recoñecidas.

Os créditos daquelas aplicacións orzamentarias poderán ser incorporados como remanentes de crédito ós presupostos do exercicio seguinte, do seguinte xeito:

a) Créditos que poden ser incorporados:

- Os créditos extraordinarios, os suplementos de crédito e as transferencias de créditos que teñan sido aprobados no último trimestre do exercicio.
- Os créditos que amparen compromisos ou disposicións de gastos aprobados polos órganos competentes da corporación que a 31 de decembro non teñan sido aprobados polo órgano competente como obriga recoñecida e liquidada.
- Créditos por operacións de capital.
- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

b) Requisitos:

- Que exista financiamento
- Informe de Intervención
- Aprobación polo Presidente

Con carácter xeral, a liquidación do orzamento precederá á incorporación de remanentes.

Aínda que, excepcionalmente, caberá a incorporación de remanentes sen necesidade de previa liquidación nos seguintes casos:

- a) Cando se trate de remanentes de crédito que correspondan a gastos financiados con ingresos afectados.
- b) Cando correspondan a contratos adxudicados no exercicio anterior ou a gastos urxentes, previo informe de Intervención no que se avaliará a existencia de suficientes recursos financeiros e que a incorporación non producirá déficit.

TITULO III: DOS CRÉDITOS DO ESTADO DE GASTOS

CAPITULO I: CRÉDITOS E FASES DOS GASTOS

Base 19ª: Normas sobre o procedemento de execución do Orzamento

A xestión dos créditos incluídos nos estados de gastos do orzamento xeral realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do gasto (fase A)
- b) Disposición ou compromiso do gasto (fase D)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- c) Recoñecemento e liquidación da obriga (fase O)
- d) Ordenación do pagamento (fase P)

Ditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do Real Decreto 500/1990.

Con carácter previo, poderase proceder á retención do crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito, que é o documento que, expedido por Intervención, certifica a existencia de saldo adecuado e suficiente nunha aplicación orzamentaria para a autorización dun gasto ou dunha transferencia de crédito, por unha contía determinada, producindo polo mesmo importe unha reserva para o devandito gasto ou transferencia.

Base 20ª: Autorización e disposición de gastos

A autorización é o acto administrativo mediante o cal se acorda a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando para tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario.

A autorización constitúe o inicio do procedemento de execución do gasto, aínda que non implica relacións con terceiros externos á entidade local.

A disposición ou compromiso é o acto administrativo mediante o cal se acorda, tras o cumprimento dos trámites legalmente establecidos, a realización de gastos, previamente autorizados, por un importe exactamente determinado.

A disposición ou compromiso é un acto con relevancia xurídica para con terceiros, vinculando á entidade local á realización dun gasto concreto e determinado tanto na súa contía como nas condicións de execución.

Cando no inicio do expediente de gasto se coñeza a súa contía exacta e o nome do preceptor acumularanse as fases de autorización e disposición, tramitándose o documento contable «AD», que poderá ser substituído polo acordo consecuente e a súa toma de razón en contabilidade.

Con cargo ós créditos do estado de gastos do orzamento da entidade, a autorización e disposición corresponderá ó:

1.- Presidente, para:

- Contrato de obras, subministracións, servizos, concesión de obras, concesión de servizos e contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin en calquera caso a contía de 6.000.000,00 €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- Celebración de contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

cando o orzamento base de licitación, non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin o importe de 3.000.000,00 €, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe e a contía indicados.

- Aqueles gastos que estean dentro dos límites da súa competencia.
- Todos aqueles gastos que expresamente lle atribúan as leis e os que aquelas asignen ó municipio e non se delegaran noutros órganos.

2.- Pleno da corporación, para:

- As competencias como órgano de contratación non atribuídas ó Alcalde.
- A celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre bens da corporación e adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas ó Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
- O recoñecemento extraxudicial de crédito, cando non exista dotación orzamentaria.
- Aqueles gastos en asuntos da súa competencia, sen prexuízo da delegación de competencias.

3.- Xunta de Goberno Local, para:

- Todos aqueles gastos que expresamente lle foron delegados pola Alcaldía-Presidencia.

Base 21ª: Recoñecemento ou liquidación de obrigas

O recoñecemento e liquidación da obriga é o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido.

Previamente ao recoñecemento das obrigas, deberáselle acreditar documentalmente ante o órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor, conforme os acordos que no seu momento autorizaron e comprometeron o gasto.

Requírese como trámite previo que cada factura de calquera provedor sexa conformada polo concelleiro delegado competente na materia o en defecto deste, pola Alcaldía-Presidencia, e poderán entenderse substituídos pola Xunta de Goberno Local ou órgano municipal competente por razón do gasto, así como informe do persoal municipal que corresponda en cada caso, en función da natureza do gasto, implicando que a prestación se efectuou de acordo coas condicións contractuais.

O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos, en consonancia co artigo 185 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, corresponderalle á Alcaldesa-Presidenta agás nos supostos de gastos derivados de competencias expresamente delegadas na Xunta de Goberno Local.

Base 22ª: Documentos suficientes para o recoñecemento da obrigación

1.- Para os gastos de persoal, observaranse as seguintes regras:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- a) As retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante as nóminas mensuais.
- b) As nóminas serán firmadas pola Alcaldía, equivalendo dita sinatura, con independencia de que poida usarse tamén para ordenar o pagamento, a que o persoal incluída na mesma prestou os seus servizos ó Concello durante o período a que se refire a nómina.
- c) As cotas á Seguridade Social xustificaranse coas correspondentes liquidacións.
- d) As gratificacións e o complemento de produtividade do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante decreto do alcalde-presidente, logo do informe do Servizo correspondente, no que se acredite que se prestaron os servizos especiais ou que procede aboar cantidade polo concepto de produtividade, de acordo coa súa normativa reguladora.

2.- Para todos os gastos, esixirase a correspondente factura, que deberá de cumprir os requisitos esixidos polo Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro. Os efectos de material recibido polo persoal municipal, servirá como acreditación o albarán asinado por dito persoal, indicando baixo a súa sinatura o nome e o DNI do asinante. Cando se trate de gastos nos que se altere unha situación inicial, poderánse aportar fotografías da situación anterior e posterior a súa realización, que se incluírán no expediente correspondente.

3.- Nos gastos financeiros por amortización e intereses de préstamos cargados directamente en conta, a fiscalización de conformidade implicará que o cargado se axusta ó correspondente cadro de financiación remitido pola entidade bancaria ou resúmenes anuais emitidos pola Entidade.

4.- Os gastos por premios e similares, co acordo de aprobación destes pola Alcaldía, ó que se unirá copia da resolución do Tribunal do concurso.

5.- Os gastos por subvencións, xustificaranse de acordo co establecido nas presentes Bases así como nas bases propias aprobadas para cada caso, sempre segundo o establecido na lexislación aplicable en materia de subvencións.

6.- Cando a comprobación do investimento necesite de coñecementos técnicos, a mesma farase por medio de certificación expedida polo técnico correspondente e co visto e prace da Alcaldía. Tales certificacións, ademais de comprobación do investimento, deberán verificar que a obra, servizo ou subministración se efectuou segundo as condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

Base 23ª: Ordenación do pagamento

É o acto mediante o que o ordenador de pagamentos, sobre a base dunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería municipal.

A competencia para ordenar pagamentos está atribuída á Alcaldía.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se teña acreditado ante o órgano competente para recoñecer-las obrigas a realización documental da prestación ou o dereito do acredor, e todo isto de conformidade cos acordos de aprobación da autorización e compromiso do gasto



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Mediante decreto de ordenador de pagamentos materializaranse as ordes de pagamento, que se expresarán en relacións contables nas que se farán consta-la identificación do acredor e a aplicación orzamentaria correspondente.

O acto administrativo da ordenación materializarase, con carácter xeral, en relacións contables. A Intervención formal do pagamento efectuarase sobre ditas relacións contables.

A expedición de ordes de pago acomodarse ao Plan de Disposición de Fondos que se aprobe. O Plan de disposición de fondos considerará aqueles factores que faciliten una eficiente e eficaz xestión da Tesouraría da Entidade e recollerá necesariamente a prioridade dos gastos de persoal e das obrigacións contraídas en exercicios anteriores (artigo 65 do real Decreto 500/1990).

Base 24ª: Acumulación das fases que integran o proceso de xestión do gasto, ou operacións mixtas.

Nun só acto administrativo poderase acumular a autorización e a disposición do gasto cando se coñeza certamente a cantidade que vai supoñer o servizo, obra ou subministración a realizar. Así mesmo, poderanse acumular nun só acto as fases de autorización- disposición e recoñecemento ou liquidación da obriga cando se refiran a gastos de carácter ordinario sen incluírse os extraordinarios para investimento; igualmente, poderán acumularse as fases de disposición do gasto e recoñecemento ou liquidación da obriga.

En todo caso para que proceda a acumulación das distintas fases de xestión do gasto será requisito imprescindible que o órgano que adopte a decisión teña competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada una das fases que nas resolucións se inclúan.

Entenderase por práctica administrativa contable que, dentro das consignacións do Orzamento vixente, poden recoñecerse obrigas polo importe de recibos de subministracións e servizos da fin do ano anterior que habitualmente se presentan a principios do exercicio seguinte.

Poderán recoñecerse, dentro das consignacións do Orzamento corrente, por aplicación dos preceptos correspondentes da Lei xeral orzamentaria e as súas modificacións, os seguintes gastos:

- a) Os compromisos plurianuais debidamente aprobados
- b) Os gastos de exercicios anteriores que puideron e deberon contraerse con cargo a créditos ampliables
- c) As liquidacións de atrasos ó persoal e cotas da Seguridade Social

Base 25ª: Norma especial para gastos con cargo ó Capítulo VI do Orzamento (Investimentos Reais)

Os compromisos de gastos con cargo ó expresado Capítulo que deban atenderse con préstamos que as financien ou subvencións ou ingresos procedentes de Contribucións Especiais ou ingresos de alleamento de investimentos reais quedan condicionadas a terse obtido a concesión do crédito pola entidade financeira correspondente, e no seu caso, a autorización da Xunta de Galicia, ou o compromiso firme da subvención, Contribucións Especiais ou alleamento de investimentos reais.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Para tal efecto, en tanto non se produza tal condición non se certificará pola Intervención a existencia de consignación orzamentaria.

Base 26ª: Ordes de pagamento a xustificar

As ordes de pagamento que poidan expedirse a **xustificar** deberán axustarse ás seguintes normas:

- 1.- A expedición e execución das ordes de pagamento a xustificar deberá efectuarse, previa a aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.
- 2.- Os fondos librados a xustificar poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para o efecto, ou ben entregándose en efectivo ó perceptor.
- 3.- Os conceptos orzamentarios ós que son de aplicación as ordes de pagamento a xustificar limítanse ós diversos conceptos dos capítulos 2º e 4º da clasificación económica do Orzamento de gastos.
- 4.- A xustificación das ordes de pagamento deberá efectuarse no prazo de tres meses como máximo, ante a Intervención da corporación, acompañando facturas e documentos auténticos que xustifiquen a saída de fondos coa dilixencia do funcionario ou persoal laboral do servizo correspondente, de terse prestado o mesmo, efectuado a obra, aportado o material correspondente ou realizado, en xeral, o gasto de plena conformidade. A conta, cos documentos e o certificado de Intervención, someterase á Alcaldía para a súa aprobación. De non renderse nos prazos establecidos a citada conta, procederase a instruír de inmediato expediente de alcance de fondos contra a persoa que recibiu as cantidades a xustificar, de conformidade co disposto para o efecto na Lei Xeral Presupostaria.

So se poderán expedir ordes a xustificar nos seguintes supostos:

- Que o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados a xustificar.
- Que o seu importe non supere a cifra de 3.005,06 euros.
- Que os fondos non se destinen a gastos de capital ou investimento.

Para atencións de carácter periódico ou repetitivo, terán o carácter de anticipos de caixa fixa, regulándose polas súas normas específicas.

O seu seguimento contable realizarase conforme ó disposto nas regras da nova Instrución de Contabilidade.

Base 27ª: Xustificacións en casos especiais

No caso de recibos periódicos, os primeiros pagamentos de recibos deberán xustificarse coa ordenación do gasto e a copia do contrato, facendo referencia a esa xustificación nos seguintes. Se o



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

recibo abrangue un período que abarque dous exercicios económicos, aplicarase ó exercicio en que se presente o recibo ó Concello.

Base 28ª: Recepción das obras

Para dar cumprimento no disposto no artigo 214.2.d) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a intervención e comprobación material das inversións realizadas polo Concello de Bergondo, desenvolverase segundo as seguintes normas:

1.- En virtude do establecido na Disposición adicional terceira da LCSP, a Intervención municipal asistirá á recepción material de todos os contratos, agás os contratos menores. Estará asistida na recepción por un técnico municipal diferente do director de obra e do responsable do contrato. O técnico asistente será comunicado deste feito, para calquera comprobación que considere axeitado realizar ó longo da obra.

2.- Cando teña lugar un modificado, que contemple unidades que van quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a medición parcial das mesmas, deberá comunicarse a Intervención municipal, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se considera oportuno, poida acudir a dito acto nas súas funcións de comprobación material da inversión.

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, á Intervención municipal comunicárselle, nos supostos establecidos no apartado 1, a data e lugar do acto.

Base 29ª: Xestión de gasto nos contratos menores

A execución de gastos mediante contrato menor respectará en todo caso os límites máximos, cuantitativos e cualitativos, establecidos na lexislación vixente.

Os contratos menores definiranse exclusivamente pola súa contía, de acordo co artigo 118 da LCSP. Terán a consideración de contratos menores:

- Contrato de obras de valor estimado inferior ós 40.000,00 euros
